

LIBROS INFANTÍS CON TEMÁTICA DE
XÉNERO

Guía de lectura

11 de outubro. Día internacional da nena

CONCELLO DE ROIS



O 11 de outubro é o **DÍA INTERNACIONAL DA NENA** declarado polas Nacións Unidas en 2011. Esta data converteuse nun momento clave para celebrar o poder das nenas e evidenciar as barreiras que afrontan en todo o mundo.

Desde o Concello de Rois queremos conmemorar o día a través deste catálogo de lecturas infantís dispoñibles na biblioteca pública municipal de Rois. Trátase dunha recompilación de contos sobre coeducación, igualdade de xénero, sen sexismo nin estereotipos.

Os libros, como un recurso no tempo de lecer, sempre transmiten valores, crenzas, ideas, pautas de comportamento, maneiras de ser ou de relacionarse cos demais... Por iso os contos son un recurso educativo de primeira orde e é importante que tentemos que sexan libres de sexismos e estereotipos de xénero.


Trátase polo tanto dun recurso que permita que as nenas sexan vistas en posicións en que non se lles ve normalmente e que as súas voces sexan escoitadas.



¿Hay algo máis aburrido que ser unha princesa Rosa?

Rosa Raquel Díaz Reguera


Carlota é unha princesa rosa que quere vestir de vermello, de verde ou de violeta. Non quere bicar sapos para ver se son príncipes azuis. Pregúntase por que non hai princesas que crucen os mares en busca de aventuras. Ou princesas que rescaten aos príncipes das garras dun lobo feroz. Ou princesas que cacen dragóns ou voen en globo.



Iriña Bailarina

Cristina Justo e Paloma Rodríguez

Iriña é, como o seu nome indica, unha bailarina; pero non unha bailarina común: vivía na máis fermosa caixa de música. Pero estaba preocupada: non podía saír da súa caixa...



Monstruo Rosa

Olga de Dios

Conto sobre o valor da diferenza. Unha historia para entender a diversidade como elemento enriquecedor da nosa sociedade.



Wangari y los árboles de la paz. Una historia verdadera

Jeanette Winter

De pequena en Kenia, Wangari vive rodeada de árbores. Cando crece comeza unha masiva deforestación e Wangari teme que pronto todo o bosque sexa destruído. Entón decide sementar nove árbores. Baseado nunha historia real dunha muller ambientalista e gañadora do Premio Nobel da Paz.

MARÍA É MAIOR

Miguel Vázquez Freire • Xosé Tomás



María é maior

Miguel Vázquez Freire

María xa sobe escaleiras, toma soa o leite e fala sen parar. María xa é maior pero... non lle deixan facer todo o que quere: non pode prender lume, xogar coas tesoiras ou andar nos enchufes. Pero, como María xa é maior... pode aprender a facer moitas outras cousas.



De que cor é un bico?

Rocío Bonilla

A Minimoni encántalle pintar mil cousas de cores: xoaniñas vermellas, ceus azuis, plátanos amarelos... pero nunca pintou un bico. De que cor será?



A urna dos desexos

Paloma Rodríguez e Cristina Justo


Baseado na historia de Clara Campoamor, unha muller moi valente que conseguiu que por primeira vez as mulleres do noso país puidesen votar...



Las lavanderas locas

Yonk Yeoman e Quentin Blake


Libro humorístico no que as ilustracións de Quentin Blake rivalizan co texto para contarnos a rebelión dunhas lavandeiras emancipadas que trastocan todo o que se lles cruza por diante. Un impulso de divertida fantasía liberadora moi propia dos anos 80.



Supremas. Mozas mitolóxicas

Xan Eguía

Atenea, Perséfone, Batwoman, a Princesa Leia, Katniss Everdeen, América Chávez... Son mulleres supremas con moitas cousas en común, pero sobre todo con valores imprescindibles. O libro recolle para as máis xoves as figuras mitolóxicas femininas máis destacadas.



O lapis máxico de Malala

Malala Yousafzai


Malala Yousafzai só tiña dez anos cando os talibáns se apoderaron da súa rexión. Dicían que a música era pecado. Dicían que as mulleres no debían ir ao mercado. Adaptación infantil da biografía de Malala, premio Nobel da Paz.



Es verdad que las princesas besan a los sapos?

M. Gordon, CL. Coyle e C. Gordon


A princesa do noso conto e o seu pai pasean polo bosque onde ocorre todo tipo de marabillas. Ela descubre que, sexamos quen sexamos, no interior de cada un de nós hai unha princesa. Gústalles ás princesas subir ás pedras?



Las princesas también se tiran pedos

Ilan Brenman e Ionit Zilberman


Volta de torca aos contos tradicionais de princesas e unha ruptura ao estereotipo das «nenas rosas». Aprender que a perfección é imposible e que as mulleres, por moi princesas que sexan, tíranse peidos, teñen celulite, estrías e lanuxe corporal. E que todo é o máis natural do mundo!



Las jirafas no pueden bailar

Giles Andreae


Ninguén debe meterlle na cabeza a unha nena que non pode facer determinadas cousas porque é nena. Así como ninguén pode dicirlle ás xirafas, porque son xirafas, que non poden bailar. Claro que si poden!



Pippi mediaslongas

Astrid Lindgren


Pippi é libre, rebelde, moi independente e con ganas de vivir mil e unhas aventuras. Nunca ninguén a poderá parar no seu coñecemento do mundo e é que é unha nova muller moi autosuficiente que non necesita un príncipe que a salve. Digamos que é unha princesa contemporánea e real.



Oreallas de bolboreta

Luisa Aguilar e André Neves


Este é un libro sobre unha nena con gran autoestima que, con todo, enfróntase constantemente ás burlas dos seus compañeiros por ter as oreallas demasiado grandes. Oreallas de bolboreta é un libro perfecto para iniciar conversacións sobre acoso escolar.



La Cenicienta que no quería comer perdices

Nunila López Salamero

A protagonista deste conto feminista nin quere comer perdices, nin quere vestirse como unha princesa con tacóns e está moi deprimida por todo iso. Téntana facer crer que un príncipe a salvará pero ela sabe ben que atopar a felicidade só depende de si mesma.



Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes

Elena Favilli e Francesca Cavallo

Este libro non fala de princesas, trata de científicas, astronautas ou chefs, 100 exemplos de determinación para que as nenas de hoxe en día soñen ao grande. Tamén contamos co segundo volume dese título.

